

Resolución do 14 de setembro de 2017, do Director-Xerente de SEAGA, no proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais, pola que se aproba a lista de contratación e de agarda definitiva.

Por resolución do 29 de agosto de 2017 da comisión de selección aprobouse e fíxose pública a lista provisional de contratación, entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista de contratación, e de conformidade co establecido nas bases específicas II 2.8 das que rexen o proceso, o Director-Xerente **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais.

Segundo.- Facer pública a lista de contratación definitiva de candidatos trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de contratación.

Facer pública a lista de contratación definitiva de candidatos, trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de contratación na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais, por duplicado exemplar, que figura como ANEXO, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I., discapacidade e especificando o posto de prelación e a puntuación total acadada.

Santiago de Compostela, a 14 de setembro de 2017.

O Director-Xerente.

Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.

